

Bases da convocatoria selectiva para cubrir por sistema de concurso e mediante contrato de duración determinada, por obra ou servizo postos de técnico superior de proxecto.

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, é unha Fundación de carácter público, dependente da Consellería de Economía e Industria. En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e ao previsto no artigo 61 da lei 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

1. Obxecto da convocatoria

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) precisa cubrir con carácter temporal os postos que figuran no Anexo B deste documento.

2. Réxime xurídico da contratación

Contrato laboral temporal por obra ou servizo, de acordo co que establece o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo.

3. Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal limitada á duración dos traballos para os que se contrata ao traballador no proxecto indicado no Anexo B para cada un dos postos.

4. Requisitos

- 1) Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou dalgún Estado, que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade os cónxuxes dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, séxalle de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás

súas expensas. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, teñan residencia legal en España.

- 2) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación forzosa.
- 3) Posuír e acreditar algún TÍTULO de entre os que figuran no Anexo B para cada un dos postos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

- 4) Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, cuxa valoración será de apto ou non apto.
- 5) Coñecemento de inglés. O nivel de coñecemento do inglés requerido para cada praza é o que figura no Anexo B.

O mesmo acreditarase mediante certificado da EOI segundo o seguinte cadro de niveis:

- Nivel Básico,
 - 1º ou 2º curso da EOI, (A1,A2).
- Nivel Medio,
 - 3º ou 4º curso da EOI, (B1,B2).
- Nivel Alto,
 - 5º ou 6º curso da EOI, (C1,C2).

ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF (Common European Framework).

Os aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.

- 6) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
- 7) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 8) Requisitos particulares: os indicados no Anexo B para cada un dos postos.

5. Documentación a presentar obrigatoriamente

- 1) Solicitud dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA (ver Anexo A).

- 2) Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- 3) Fotocopia simple do título esixido para cada ún dos postos do Anexo B, ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- 4) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- 5) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B para cada ún dos postos.
- 6) Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente na Fundación, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario unicamente a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección, cuxa valoración será apto ou non apto.
- 7) Fotocopia simple da xustificación do coñecemento de inglés ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO na proba de inglés do mesmo ou superior nivel en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente na Fundación, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario unicamente a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento que se indique no proceso de selección.
- 8) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B para cada ún dos postos. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.

O aspirante seleccionado para cada ún dos postos deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B para cada ún dos postos, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os candidatos que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido para o posto que foi seleccionado ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- d) Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado da Fundación CESGA ou S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO, se é o caso.
- e) Copia comparada da titulación de inglés, ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF (Common European Framework), ou certificado da Fundación CESGA ou

S.A.X. CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO, se é o caso.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo A da presente convocatoria. Presentarase unha solicitude por cada un dos postos aos que queira optar.

Presentaranse na Secretaría da Fundación ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur), 15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico á dirección emprego@cesga.es. Neste último caso, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B para cada un dos postos, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria en prensa.

A dirección que figure nas instancias considerárase como a única válida para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

7. Proceso de selección

A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto para cada un dos postos do Anexo B.

O proceso de selección consistirá:

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, cada unha das comisións de selección publicará as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B para cada un dos postos, e a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable, tras os cales se publicarán as listas definitivas de admitidos e excluídos, na que se especificará a data e lugar para a realización das probas de galego e inglés para aqueles candidatos que non teñan acreditados estes requisitos. A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións faranse na páxina web da Fundación www.cesga.es.
2. Os candidatos admitidos valoraranse segundo os méritos establecidos no Anexo B para cada un dos postos, ata a puntuación máxima que figura en dito anexo.
3. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe provisional da puntuación de todos os aspirantes e, se é o caso, a calificación das probas de inglés e galego, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B para cada un dos postos, para alegacións e reclamacións por parte dos candidatos.
4. Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará a listaxe definitiva e na mesma convocará á entrevista aos primeiros candidatos que conseguiran a mellor puntuación na Valoración de Méritos e que cumpran

con todos os requisitos para estes postos, ata o número especificado no Anexo B para cada ún dos postos.

5. A entrevista que non superará os quince (15) minutos, terá unha valoración máxima que figura no Anexo B para cada ún dos postos e versará sobre:
 - Perfil do candidato
 - Complementos do currículum vitae
 - Idoneidade do candidato para o posto
 - Dispoñibilidade de incorporación
 - Contraste de coñecementos
 - Expresión oral
 - Outros posibles puntos adicionais, mencionados no Anexo B
6. Finalizadas as entrevistas, a Comisión publicará na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo coa listaxe provisional da puntuación final dos aspirantes convocados a entrevista, establecéndose o prazo de días naturais, que figura no Anexo B para cada un dos postos, para alegacións e reclamacións por parte dos candidatos.
7. Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina WEB da Fundación www.cesga.es, a resolución definitiva.

Debido á infrarrepresentación do sexo feminino na Fundación CESGA nesta categoría profesional, no caso de empate entre dous ou máis candidatos, será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 37.1 da lei 7/2004 de Galicia e, de persistir o empate, prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería de Facenda de data 26 de xaneiro de 2010 (DOG nº 20 do 1 de febreiro).

8. Comisión de Selección

1.A comisión de selección estará formada, para cada praza, por os membros que figuran no Anexo B para cada ún dos postos.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Ningún membro da comisión de selección estará en posesión de titulación inferior, no seu posto, á esixida para o posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantirá a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido pola disposición adicional primeira da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

2.Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para actuar válidamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia da maioría dos seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

9. Resolución

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.es), a resolución co nome da persoa seleccionada para cada posto. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións, a comisión elaborará unha lista de espera entre os candidatos seleccionados para a entrevista e que non resultasen beneficiarios do posto. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberá achegar o candidato seleccionado para formalizar o contrato. O tipo de contrato temporal será por obra ou servizo determinado e estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 22 de xaneiro de 2004 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Enrique Roger Amat e co número de protocolo 214.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2010



Javier García Tobío
Director-Xerente
Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia

ANEXO A

MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	
DNI:		
Dirección particular (rúa, etc.):	Nº	
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	

2.- DATOS ANUNCIO	
Referencia anuncio:	
Data publicación anuncio:	

3.- DOCUMENTACIÓN	
Currículum Vitae: <input type="checkbox"/>	Copia DNI: <input type="checkbox"/>
Copia da Titulación: <input type="checkbox"/>	Copia Expediente académico: <input type="checkbox"/>
Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4: <input type="checkbox"/>	
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: <input type="checkbox"/> Ref. posto:	
Xustificación do coñecemento de inglés: <input type="checkbox"/>	
Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA: <input type="checkbox"/> Ref. Posto:	
Copia dos xustificantes dos méritos alegados: <input type="checkbox"/>	
Outra documentación:	

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas.

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2009

Fdo.:

**DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**

ANEXO B

B.1. REFERENCIA DO POSTO: NUBA10-TSP1

REFERENCIA	NUBA10-TSP1
NÚMERO DE POSTOS	1
DENOMINACIÓN	TÉCNICO SUPERIOR de PROXECTO NUBA (I).
PROXECTO	NUBA Normalized Usage of Business-oriented Architectures.
DURACIÓN APROXIMADA DO CONTRATO	Vinteun (21) meses
DESCRIPCIÓN	Desenvolver as actividades de coordinación e execución do proxecto NUBA.
FUNCIÓNS DO POSTO	<p>As necesarias para a execución do proxecto NUBA:</p> <ul style="list-style-type: none">• Definición dos procesos e procedementos de xestión do proxecto.• Implantación do testbed de probas.• Coordinación do proxecto.• Execución doutras tarefas asociadas co correcto desenvolvemento do proxecto: asistencia a reunións, conferencias e cursos, elaboración dos informes de seguimento do proxecto, etc....• Participación na elaboración doutras propostas relacionadas co proxecto.

TITULACIÓN REQUERIDA		<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado ou enxeñeiro en Informática • Licenciado en Física • Licenciado en Matemáticas • Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións.
NIVEL DE INGLÉS		MEDIO
REQUISITOS PARTICULARES ADICIONAIS		NON SE ESIXEN
CONTIDOS PARTICULARES DA ENTREVISTA		NON SE ESIXEN
PRAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	10 (dez) dias naturais
	PRESENTACION DE RECLAMANCÍONS Á LISTAXE DE ADMITIDOS	3 (tres) dias naturais
	PRESENTACIÓN DE RECLAMACÍONS Á BAREMACÍON DE MERITOS	3 (tres) dias naturais
	PRESENTACIÓN DE RECLAMACÍONS Á LISTAXE PROVISIONAL DE PUNTUACÍONS	3 (tres) dias naturais
	APORTACÍON DA DOCUMENTACÍON FINAL POLO CANDIDATO SELECCIONADO	3 (días) dias naturais

NÚMERO DE CANDIDATOS SELECCIONADOS PARA A ENTREVISTA	5 candidatos
PUNTUACIÓN MÁXIMA DOS MÉRITOS	40 puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA DA ENTREVISTA	4 puntos
COMISIÓN DE SELECCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Presidencia:</u> Subdirector Técnico da Fundación CESGA • <u>Secretario:</u> Administrador de Sistemas da Fundación CESGA • <u>Vocais :</u> <ul style="list-style-type: none"> - Técnico Superior de Comunicacóns da Fundación CESGA - Técnico Superior de Administración da Fundación CESGA.

Baremo Valoración de Méritos do Posto NUBA10-TSP1:

CRITERIO	FORMA VALORACIÓN	DOCUMENTACIÓN JUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN MÁXIMA
EXPEDIENTE ACADÉMICO NA TITULACIÓN ESIXIDA PARA O POSTO	As cualificacións valoraranse utilizando a media ponderada (multiplicada por 2) calculada segundo o protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para valoración de expedientes académicos (DOGA 23 de marzo de 2005)	Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida.	8

<p align="center">INGLÉS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • 1 punto polo C.A.E. (Certificate Advanced English) • 2 puntos polo C.P.E. (Certificate of Proficiency in English) • 1 punto ata o 4º curso da EOI • 2 puntos ata o 5º curso da EOI 	<p>Certificados de aptitude</p>	<p align="center">2</p>
<p>Experiencia práctica en administración de sistemas de computación e clusters de computación.</p>	<p>0,3 puntos por mes de experiencia práctica</p>	<p>Certificado de vida laboral ou certificado da institución na que recibiu a formación. Cada certificado, contrato ou bolsa presentado só se valorará unha vez, no criterio máis favorable.</p>	<p align="center">4</p>
<p>Cursos de formación en administración de sistemas de computación e clusters de computación.</p>	<p>0,1 puntos por cada 10 horas de curso, cun máximo de 1 punto por curso</p>	<p>Certificado de asistencia e temario do curso (1).</p>	<p align="center">4</p>
<p>Participación en proxectos de I+D rexionais, estatais ou europeos relacionados cos sistemas de computación paralela ou distribuída, computación grid ou cloud</p>	<p>0,5 puntos por proxecto e ano</p>	<p>Documento acreditativo de participación (2)</p>	<p align="center">4</p>
<p>Publicacións científicas ou presentacións orais en congresos internacionais relacionadas cos sistemas</p>	<p>0,5 por cada presentación ou publicación</p>	<p>Copia do artigo e da publicación no caso de publicacións científicas e presentación e certificado da presentación no caso das presentacións</p>	<p align="center">2</p>

distribuídos, a súa monitorización ou administración		orais	
Cursos de formación relacionados coas tecnoloxías HPC, grid ou cloud de máis de 10 horas por curso	0,1 puntos por cada 10 horas, cun máximo de 1 punto por curso	Certificado de asistencia e temario do curso (1)	4
Cursos de formación en xestión de proxectos de I+D de máis de 10 horas por curso	0,2 puntos por cada 10 horas, cun máximo de 1 punto por curso	Certificado de asistencia e temario do curso (1)	3
Título de Doutoramento	5 puntos por Doutoramento Europeo APTO CUM LAUDE 4 puntos por Doutoramento APTO CUM LAUDE 3 puntos por Doutoramento Europeo APTO 2 puntos por Doutoramento APTO	Copia do título, certificación académica ou solicitude do mesmo	5
DEA ou master universitarios relacionados co HPC, a computación distribuída ou Grid	Valoraranse utilizando o mesmo método que no punto expediente académico, aplicando a media ponderada segundo a lexislación vixente, dividido entre 2	Certificado académico acreditativo	2
Outros cursos de interese para o proxecto	0,1 puntos por cada 15 horas, cun máximo de 1 punto por curso	Certificado de asistencia e temario do curso (1)	2

(1) Cada curso só se valorará unha vez, no criterio máis favorable. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.

(2) A participación en proxectos valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente no caso de ser inferiores a un ano a súa duración por meses. Sóa se computará un proxecto por ano.

Xustificarse cun certificado de participación asinado polo representante legal da entidade onde participou con indicación das datas de inicio e fin da participación, ou coa copia do contrato laboral onde figure expresamente o nome ou código do proxecto e mais un certificado de vida laboral

B.2 REFERENCIA DO POSTO: NUBA10-TSP2

REFERENCIA	NUBA10-TSP2
NUMERO DE POSTOS	1
DENOMINACIÓN	TÉCNICO SUPERIOR de PROXECTO NUBA (II)
PROXECTO	NUBA Normalized Usage of Business-oriented Architectures
DURACIÓN APROXIMADA DO CONTRATO	Vinteun (21) meses
DESCRIPCIÓN	Desenvolver as actividades de execución do proxecto NUBA

FUNCIÓNS DO POSTO		<p>As necesarias para a execución do proxecto NUBA posta en funcionamento da infraestrutura e a aplicación escollida como caso de uso. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colaboración na implantación do testbed de probas e no sistema de monitorización. • Configuración do entorno para a execución remota dos procesos da aplicación de proba. • Colaboración na coordinación do proxecto. • Execución doutras tarefas asociadas co correcto desenvolvemento do proxecto: asistencia a reunións, conferencias e cursos, elaboración dos informes do proxecto, etc... • Participación na elaboración doutras propostas relacionadas co proxecto.
TITULACIÓN REQUERIDA		<ul style="list-style-type: none"> • Licenciado ou enxeñeiro en Informática • Licenciado en Física • Licenciado en Matemáticas • Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións.
NIVEL-DE INGLES		MEDIO
REQUISITOS PARTICULARES ADICIONAIS		NON SE ESIXEN
CONTIDOS PARTICULARES DA ENTREVISTA		NON SE ESIXEN
PAZOS	PRESENTACIÓN SOLICITUDES	10 (dez) días naturais

	PRESENTACIÓN DE RECLAMACIONES A LISTAXE DE ADMITIDOS	3 (tres) dias naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIONES A BAREMACIÓN DE MERITOS	3 (tres) dias naturais
	PRESENTACIÓN RECLAMACIONES A LISTAXE PROVISIONAL DE PUNTUACIONES	3 (tres) dias naturais
	APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLO CANDIDATO SELECCIONADO	3 (tres) dias naturais
NÚMERO DE CANDIDATOS SELECCIONADOS PARA A ENTREVISTA		5 candidatos
PUNTUACION MÁXIMA DOS MÉRITOS		37 puntos
PUNTUACION MÁXIMA DA ENTREVISTA		4 puntos
COMISIÓN DE SELECCIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • <u>Presidencia</u>: Subdirector Técnico da Fundación CESGA • <u>Secretario</u>: Administrador de Sistemas da Fundación CESGA • <u>Vocais</u>: <ul style="list-style-type: none"> - Técnica Superior de Comunicacions da Fundación CESGA - Técnica Superior de Administración da Fundación CESGA.

Baremo Valoración de Méritos do Posto NUBA10-TSP2:

CRITERIO	FORMA VALORACIÓN	DOCUMENTACIÓN JUSTIFICATIVA	PUNTUA CIÓN MÁXIMA
EXPEDIENTE ACADÉMICO NA TITULACIÓN ESIXIDA PARA O POSTO	As cualificacións, valoraranse utilizando a media ponderada (multiplicada por 2) calculada segundo o protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos (DOG 23 de marzo de 2005)	Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida	8
INGLÉS	1,0 puntos por C.A.E. (Certificate Advanced English) 2,0 puntos por C.P.E. (Certificate of Proficiency in English) 1,0 puntos por Ata 4º curso da EOI 2,0 puntos por Ata 5º curso da EOI	Certificados de actitude	2
Cursos de formación relacionados coas tecnoloxías GRID ou Cloud	0,1 puntos por cada 10 horas, cun máximo de 1 punto por curso	Certificado de asistencia e temario do curso (1)	4
Participación en proxectos de I+D rexionais, estatais ou europeos relacionados co desenvolvement	0,5 puntos por proxecto e ano	Documento acreditativo de participación (2)	4

o de software, as tecnoloxías GRID			
Publicacións científicas ou presentacións orais en congresos internacionais relacionadas cas tecnoloxías GRID ou Cloud	0,5 por cada publicación ou presentación	Acreditado mediante copia do artigo e da publicación no caso de publicacións científicas e presentación e certificado da presentación no caso das presentacións orais	5
Título de Doutoramento	5 puntos por Doutoramento Europeo APTO CUM LAUDE 4 puntos por Doutoramento APTO CUM LAUDE 3 puntos por Doutoramento Europeo APTO 2 puntos por Doutoramento APTO	Copia do título, certificación académica ou solicitude do mesmo	5
DEA ou Master relacionados coa Física Médica, tecnoloxías Grid ou Cloud	Valoraranse utilizando o mesmo método que no punto expediente académico, aplicando a media ponderada segundo a lexislación Vixente	Certificado académico acreditativo	4
Cursos de xestión de proxectos de I+D	0,2 puntos por cada 15 horas, cun máximo de 1 punto por curso	Certificado de asistencia e temario do curso (1)	2
Outros cursos de interese para o proxecto	0,1 puntos por cada 15 horas, cun máximo de 1 punto por curso	Certificado de asistencia e temario do curso (1)	2

(1) Cada curso só se valorará unha vez, no criterio máis favorable. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.

(2) A participación en proxectos valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente no caso de ser inferiores a un ano a súa duración por meses. Só se computará un proxecto por ano.

Xustificarase cun certificado de participación asinado polo representante legal da entidade onde participou con indicación das datas de inicio e fin da participación, ou coa copia do contrato laboral onde figure expresamente o nome ou código do proxecto e mais un certificado de vida laboral.

